

27/11/18_Nota de prensa

Xornada informativa “Sentido común no mar: o plástico un crebacabezas”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.- O próximo venres 30 de novembro celebrarase na sede do Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón, rúa Palma, nº4, Vigo) unha xornada informativa sobre a problemática da contaminación por plásticos nos mares e océanos do planeta baixo o título “Sentido común no mar: o plástico un crebacabezas”.

O Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. José Pelayo Miquez Baños xunto con D. José Antonio Fernández Bouzas, Director do PNMTIAG serán os encargados de presentar a xornada que principiará as 09:30h da mañá.

A primeira das conferencias correrá a cargo de Dña. Verónica Tellado Barcia, Subdirectora Xeral de Residuos da Xunta de Galicia, quen informará aos asistentes sobre a “Estratexia galega para a redución do uso do plástico”. De seguido, D. Alfredo López Fernández, representante da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños falará acerca do “Impacto dos plásticos sobre os cetáceos e tartarugas”.

Trata pausa de media mañá, o experto en lixos mariños do Instituto Español de Oceanografía, D. Jesús Gago Piñeiro, centrará a súa intervención sobre “Os plásticos no medio mariño: na procura das súas fontes de orixe”, dando a palabra a Dña. Rosa Chávarri López, de Ecoembes, cunha conferencia que leva por título “Upcycling the Oceans”.

Por último, e antes da clausura da xornada que correrá a cargo de Dña. Belén María do Campo Piñeiro, Directora Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, celebrarase unha mesa redonda moderada polo propio Director do Parque Nacional, na que se analizarán as “Accións multisectoriais cara ao uso apropiado dos plásticos”, e da que formarán parte Dña. Ángeles Longa Portabales, do Departamento de I+D do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, D. Javier García Galdo da Técnico en Xestión Sostible de Recursos Mariños e o xa mencionado D. Jesús Gago Piñeiro.

Esta xornada organízase como colofón ao proxecto “Red para la Recuperación de los Ecosistemas marinos en el PNMTIAG” que durante todo este ano están a desenvolver no parque das Illas Atlánticas o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o propio Parque Nacional, e no que se executaron diversas actuacións informativas e de limpeza de lixos mariños tanto en fondos como en superficie, e na que colaboraron ademáis de representantes das tres universidades galegas, un gran número de organismos e institucións científicas, pescadores, asociacións, estudantes e un sinfín de voluntarios concienciados sobre esta gran problemática que afecta a todo o planeta.

Este proxecto conta ademáis coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para la Transición Ecológica, a través do programa Pleamar do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) dentro dunha iniciativa enmarcada dentro do proxecto LIFE IP INTEMARES “Gestión integrada, innovadora, y participativa de la Red Natura 2000 en el medio marino español”.